



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR HERMANOS QUIROGA
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DATA: 11/05/2020



ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer o funcionamento do aparato locomotor e identificar e localizar algúns dos seus principais órganos: ósos, músculos e articulacións.	Explica a función do esqueleto, dos músculos e das articulacións e identifica e localiza os principais ósos, músculos e articulacións.
Recoñecer o funcionamento dos aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio, excretor e reproductor e identificar e localizar os principais órganos dos aparatos dixestivo e respiratorio	Coñece as principais características do aparato respiratorio, dixestivo, circulatorio, excretor e reproductor e explica a función dos seus principais órganos.
Comprender e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada.	Identifica hábitos de alimentación saudables, e aplica a información ao deseño de dietas equilibradas para previr e detectar riscos para a saúde.
Clasificar os alimentos segundo a súa orixe e segundo a forma de consumilos.	Clasifica alimentos segundo a súa orixe: animal, vexetal ou mineral e segundo se consomen: naturais ou elaborados.
Identificar as principais funcións dos seres vivos.	Identifica as funcións dos seres vivos: relación, nutrición e reprodución.
Observar e identificar as principais partes dunha planta e coñecer as súas funcións.	Observa directamente e identifica as estruturas principais das plantas: raíz, talo, follas, flor, froito, sementes, e as súas funcións.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos animais atendendo ás súas características básicas e aos seus tipos.	Recoñece os animais pola súa forma de desprazarse e o lugar no que viven, pola maneira de alimentarse e segundo a súa forma de nacer.
Distinguir entre animais vertebrados e invertebrados.	Identifica animais de dous grandes grupos: vertebrados e invertebrados.
Observar directa e indirectamente, recoñecer, clasificar e identificar características de animais vertebrados e invertebrados.	Observa directamente, recoñece e clasifica os animais vertebrados e invertebrados a partir das súas características principais: esqueleto, cuberta corporal, presenza de mamas, respiración...

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Envío dun boletín de actividades aos alumnos onde poden atopar os exercicios e recursos interactivos de apoio.
Cualificación final	A cualificación final obterase a partir da media das cualificacións do primeiro e segundo trimestre. Se o alumnado fai todo o traballo da materia proposto, a nota final poderá subir ata un punto.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A proposta de actividades é a seguinte: - Identificar e localizar os diferentes ósos do corpo. - Localizar e recoñecer os músculos. - Coñecer e identificar os aparatos dixestivo, circulatorio, respiratorio, excretor e reproductos e os seus órganos. - Diseñar unha dieta equilibrada. - Identificar as partes dunha planta. - Distinguir seres vivos de seres inertes. - Identificar os animais vertebrados e invertebrados. - Coñecer os grupos de animais vertebrados e as súas características.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Moitas das actividades propostas realízanse en papel. Todo o alumnado ten libretas para copialas e facelas. Algunhas son actividades para facer pola casa con recursos caseiros. Outras son actividades interactivas de reforzo para facer no ordenador, tablet ou teléfono.
Materiais e recursos	As actividades propostas realízanse en papel e con recursos caseiros. Tamén hai actividades interactivas de reforzo para ordenador, tablet ou teléfono.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias e publicidade	O alumnado será informado a través do medio que cada familia decidiu e contando sempre con todos os permisos oportunos. Este medio pode ser e-mail ou whatsapp. Dende o centro se publicitará toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL. En moitos casos o titor contactará directaente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en fución da situación académica do seu fillo, esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.